

DÍA INTERNACIONAL DA FIBROMIALXIA E DO SÍNDROME DE FATIGA CRÓNICA 2020



Nesta conmemoración do día Internacional da Fibromialxia e o Síndrome de Fatiga Crónica os afectados e afectadas por estas circunstancias e as nosas familias queremos amosar a nosa solidariedade cos afectados polo Covid e o noso sentimento polos falecidos que está a causar. Por iso, pedimos que lles dediquemos unha pausa antes da Lectura do Manifesto.

Se ben lembramos o ano 2020 pola tristura que nos embarga, este 12 de maio tamén quedará gravado na nosa memoria porque esta conmemoración a favor da **NORMALIZACIÓN** das nosas enfermidades é todavía máis dura pola causa do **DISTANCIAMENTO FÍSICO** a que nos obriga o **CONFINAMENTO**. Unha conmemoración sen actos presenciais e multitudinarios; sen apertas solidarias nin olladas cómplices, sen compartir afáns e desenganos entre risas e choros; sen poder percibir a calor duns e a indiferenza de moitos.

Pero nos sabemos que, se a dor e a fatiga crónicas non paran, tampouco poden, nin poderán pararnos; como **donos do noso destino persoal e colectivo**, e mediante as **ENTIDADES** que nos apoian, vamos a traspasar os muros do confinamento mediante as tecnoloxías actuais e a caixa de resonancia que son as **REDES SOCIAIS**.

Porque, os afectados e afectadas por fibromialxia e síndrome de fatiga crónica sabemos moito de **CONFINAMENTO**, xa que as características destas despiadadas enfermidades nos privan, con moita frecuencia de poder realizarnos cunha vida persoal, familiar, laboral e social, normais. E aprendimos a superar as barreiras físicas coa tecnoloxía, as videoconferencias, os chats, as redes sociais...que nos acercan virtualmente cando os nosos corpos atópanse doloridos e esgotados en exceso.

Por iso, conscientes de que non poderemos expresar o noso sentir e as nosas reivindicacións en actos públicos, achegarémolos vía **REDES SOCIAIS** a toda persoa que se interese pola nosa problemática, senta solidario e queira unir a súa voz á nosa.

E o faremos tamén, a través da 18 edición do **MANIFESTO ANUAL**. Un manifesto co que pretendemos refrendar e **RECOÑECER** satisfeitos os **LOGROS** de todos estes anos.; tamén un Manifesto que quere aproveitar este día para **AGRADECER** publicamente os apoios incondicionais, a atención sanitaria de calidade de cada vez máis profesionais ; as investigacións con mais vocación que orzamento, á adicación

exhaustiva das entidades, ofrecendo información, actividades, suplindo carencias e aliviando corazóns.

Pero, un Manifiesto que, tamén e, por riba de todo, é **REIVINDICATIVO**. Que quere evidenciar o lonxe que estamos todavía de conseguir a normalidade destas enfermidades, apelando ós que ditan as leis, ós que deben controlar a súa aplicación, e ós que deben xestionar tanto a Atención sanitaria baixo os principios de **EQUIDADE, ACCESIBILIDADE E CALIDADE** como dos **Dereitos Sociais** con xustas e equilibradas avaliacións.

Tamén potenciando a **Investigación** e destinando recursos e programas de financiamento finalistas para poder atopar mellores tratamentos e avanzar na prevención; apelando, especialmente, á **Sociedade** para que se una a nos para defender os nosos **DEREITOS CIDADÁNS**. Un manifesto tamén reivindicativo respecto Síndromes de Sensibilización Central, como a Sensibilidade Química Múltiple ou a Electrosensibilidade, que levan unha pesada carga hacia o seu recoñecemento.

E, se ben vimos de constatar que este confinamento está a ser especialmente duro para nos en canto ás carencias nos campos sanitario e social, tamén nos leva a reflexionar sobre a experiencia que nos está a aportar e a necesidade que temos de **REINVENTARNOS** unha vez máis. Esta gran crise sanitaria, que conlevará unha gran crise económica e humanitaria, debe dar lugar a **UN NOVO PARADIGMA SOCIAL**.

Compre estar atentos e **PROACTIVOS** hacia novas maneiras de vivir, novos valores, novas formas de relación, novas maneiras de traballo. Aportando a nosa experiencia en loita compartida. En superar retos e rompendo moldes; en elevarnos por riba das nosas limitacións. En definitiva, en solidariedade e dignidade, valores que podemos aportar para a construción dun novo **MODELO SOCIAL**, fronte a un modelo caduco, inxusto e excluínste.

12 de maio de 2020

